

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

RESOLUCIÓN do 9 de febreiro de 2016 pola que se convoca unha bolsa de formación en estudos relacionados co dereito administrativo.

O artigo 3.1.g) da Lei 10/1989, do 10 de xullo, de modificación da Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da Escola Galega de Administración Pública (EGAP), considera entre os fins da Escola a formación, a documentación, o estudo e a realización de traballos de divulgación no terreo da Administración pública, promovendo a súa máxima difusión.

De conformidade coa referida disposición, resolvo convocar unha bolsa en formación en estudos relacionados co dereito administrativo mediante a colaboración titorizada da EGAP, segundo as seguintes bases:

Primeira. Obxecto

Por medio desta resolución establécense as bases reguladoras e se procede á convocatoria dunha bolsa de formación en estudos relacionados co dereito administrativo.

A bolsa regulada nesta resolución concederáse en réxime de concorrencia competitiva e baixo os principios de publicidade, obxectividade, transparencia, igualdade, non discriminación, eficacia e eficiencia.

Segunda. Duración, importe e financiamento da bolsa

As actividades de formación iniciaránse coa incorporación do/a candidato/a seleccionado/a ao desempeño da bolsa na EGAP, tal como se dispón na base décima, e finalizará o 31 de decembro de 2016.

O importe de cada bolsa será de 1.100 € brutos mensuais, 12.100 € anuais, tendo en conta que non se iniciará antes do 1 de febreiro, que se farán efectivos, tras a certificación da EGAP do bo aproveitamento da bolsa, polo importe líquido, tras realizar as retencións fiscais e sociais que lle correspondan, na conta bancaria que sinala a persoa beneficiaria da bolsa. Os meses serán considerados en todos os casos de 30 días. A cantidade percibida estará en función do número de días transcorridos desde a incorporación da bolsa.



A bolsa será financiada con cargo á aplicación orzamentaria 05 80 122B 4800 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2016.

Durante o tempo de duración da bolsa a persoa bolseira quedará incluída no réxime xeral da Seguridade Social, tal como establece o Real Decreto 1493/2011, do 24 de outubro, polo que se regulan os termos e as condicións de inclusión no réxime xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación. A cota patronal satisfarase con cargo ao concepto orzamentario 484.0 do orzamento de gastos da EGAP.

Terceira. *Requisitos dos solicitantes*

Poderán solicitar estas bolsas todas aquelas persoas en que non concorran ningunha das circunstancias especificadas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e sempre que reúnan os seguintes requisitos no momento de terminar o prazo de presentación de solicitudes:

– Acreditar ter terminados os estudos académicos con posterioridade a xaneiro do ano 2012 e acreditar algunha das seguintes titulacións universitarias: licenciatura/grao en dereito.

– Non reunir ningunha das circunstancias especificadas no artigo 10.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de acordo co modelo que se inclúe nesta convocatoria como anexo I.

– Non ter emprego remunerado nin gozar doutra bolsa ou axuda, calquera que fose esta, ou, no caso de ter emprego remunerado ou gozar doutra bolsa, un compromiso expreso de renunciar a eles con anterioridade ao momento de incorporación a esta escola, segundo o modelo que se inclúe como anexo I.

Cuarta. *Solicitudes e documentación*

As solicitudes formalizaranse no modelo que se xunta como anexo I a esta convocatoria e deberán ir acompañadas da seguinte documentación en orixinal ou copia:

1. Copia do DNI ou NIE do solicitante, só no caso de non autorizar a súa consulta.
2. Título correspondente ou, en defecto deste último, xustificación do pagamento dos dereitos de expedición. Só no caso de non autorizar a súa consulta.



3. Certificación académica en que se detallen as cualificacións obtidas nas distintas disciplinas. Para facilitar a valoración do expediente académico, debe incluírse na certificación a nota media obtida.

4. Currículo do/da solicitante (de acordo co modelo que se inclúe nesta convocatoria como anexo II), con exposición dos méritos académicos e profesionais, así como relación dos traballos e publicacións sobre temas relacionados co obxecto da bolsa, debidamente acreditados.

5. Documentos que acrediten a formación en materias relacionadas co obxecto da bolsa alegados polo interesado no seu currículo.

Poderá acompañar calquera outra documentación acreditativa dos méritos a que se refire a base oitava.

A documentación complementaria poderá presentarse electronicamente utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal. Neste caso, as copias dixitalizadas presentadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante ou representante. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada segundo o disposto nos artigos 35.2 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e 22.3 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.

A documentación complementaria tamén poderá presentarse en formato papel en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común.

As copias dos documentos gozarán da mesma validez e eficacia que os seus orixinais sempre que exista constancia de que sexan auténticas.

Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, a persoa interesada ou representante deberá mencionar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de expediente e o número ou código único de rexistro.



Quinta. *Consentimentos e autorizacións*

A tramitación do procedemento require a incorporación de datos ou documentos en poder das administracións públicas. Deste xeito, o modelo de solicitude normalizado incluírá unha autorización expresa ao órgano xestor para realizar as comprobacións oportunas que acrediten a veracidade dos datos. No caso de que non sexa autorizado o órgano xestor para realizar esta operación, a persoa interesada estará obrigada a achegalos nos termos exixidos polas normas reguladoras do procedemento.

As solicitudes das persoas interesadas deberán achegar os documentos ou informacións previstos nesta norma, salvo que estes xa estivesen en poder da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia; neste caso, as persoas interesadas poderán acollerse ao establecido na letra f) do artigo 35 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sempre que se faga constar a data e o órgano ou a dependencia en que foron presentados ou, se é o caso, emitidos, e cando non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que correspondan.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á persoa solicitante ou representante a súa presentación ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

A presentación da solicitude de concesión de subvención polo interesado comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia, segundo o establecido no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Con todo, a persoa solicitante poderá denegar expresamente o consentimento, e deberá presentar entón a certificación nos termos previstos regulamentariamente.

Esta documentación deberá acreditarse, de ser o caso, antes de efectuar a proposta de resolución, así como da tramitación do pagamento, ao abeiro do disposto nos artigos 11.e) e 31.7.d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

De conformidade co artigo 13.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006,



a consellería publicará na súa páxina web oficial a relación de persoas beneficiadas e o importe das axudas concedidas. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, puidesen impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

Sexta. Lugar e prazo de presentación

As solicitudes deberán presentarse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es>, de acordo co establecido nos artigos 27 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e 24 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes. Para a presentación das solicitudes será necesario o documento nacional de identidade electrónico ou calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia.

Opcionalmente, tamén se poderán presentar as solicitudes, en soporte de papel, no Rexistro da Escola Galega de Administración Pública, sita na rúa Madrid, 2-4, 15707 de Santiago de Compostela, ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia* desta convocatoria.

A sede electrónica da Xunta de Galicia ten á disposición das persoas interesadas unha serie de modelos normalizados dos trámites máis comunmente utilizados na tramitación administrativa, que poderán ser presentados electronicamente accedendo á Carpeta do cidadán da persoa interesada ou presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativos común.

Sétima. Composición da comisión de avaliación

A selección e a avaliación das solicitudes levaraa a cabo unha comisión, que estará integrada polos seguintes membros:

Presidente: a directora da EGAP ou persoa en quen delegue.



Vogais: tres persoas designadas pola directora da EGAP: unha de elas vinculada ao ámbito académico e as outras dúas pertencentes ao grupo A1 o A2 do corpo da Administración autonómica.

Secretario/a: nomeado/a pola directora da EGAP entre funcionarios/as da EGAP, que actuará con voz e voto.

A composición da comisión de avaliación farase pública no portal web da EGAP <http://egap.xunta.es> e no seu taboleiro de anuncios.

A comisión está clasificada na categoría superior para os efectos previstos no artigo 26 do Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón do servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia.

Oitava. *Criterios de avaliación*

A avaliación dos méritos acreditados levarase a cabo conforme o seguinte baremo:

1. Expediente académico: ata un máximo de 15 puntos. Utilizarase para a valoración desta epígrafe a nota media simple do expediente académico, conforme á Resolución do 15 de marzo de 2005, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG nº 57, do 23 de marzo). Forma de acreditación: certificación académica en que se detallen as cualificacións obtidas nas distintas disciplinas e na cal se deberá incluír a nota media simple obtida.

2. Formación complementaria: ata un máximo de 10 puntos. Cursos, másters e diplomas de estudos avanzados (DEA) relacionados co obxecto da bolsa organizados por organismos públicos, universidades:

a) Pola realización de cada máster ou DEA relacionado coa actividade a que se opta: 2,50 puntos.

b) Cursos de duración igual ou superior a 100 horas: 0,25 puntos por curso, ata un máximo de 2,50 puntos.

c) Cursos de duración igual ou superior a 40 horas: 0,15 puntos por curso, ata un máximo de 2 puntos.



d) Cursos de duración inferior a 40 horas: 0,10 puntos por curso, ata o máximo de 1,50 puntos.

Non se valorarán os cursos de menos de 10 horas lectivas nin aqueles que non acrediten as horas lectivas. Forma de acreditación: fotocopia dos títulos ou certificados de participación nas actividades formativas.

3. Presentación de comunicacións en congresos relacionados co obxecto da bolsa: 0,25 puntos por comunicación, ata un máximo de 3 puntos.

Forma de acreditación: fotocopia cotexada dos certificados de participación activa nos referidos congresos.

4. Traballos individuais publicados e participación en publicacións colectivas relacionadas co obxecto da bolsa: 0,50 puntos por publicación, ata un máximo de 3 puntos. O mesmo mérito valorarase unha soa vez, ben como comunicación, ben como publicación. Forma de acreditación: fotocopia das referidas publicacións.

5. Coñecemento da lingua inglesa ou francesa: ata un máximo de 2 puntos. Forma de acreditación: mediante o correspondente certificado oficial expedido pola Escola Oficial de Idiomas, Instituto Británico ou institución ou centros recoñecidos oficialmente.

A comisión non valorará aqueles méritos dos candidatos que non estean acreditados documentalmente.

A comisión realizará unha entrevista cos/coas aspirantes con maior puntuación. Á vista da valoración dos méritos dos/as candidatos/as, a comisión determinará a puntuación mínima para acceder á entrevista. Esta versará sobre os seus méritos curriculares, co fin de valorar os coñecementos, aptitudes e actitudes persoais dos/as aspirantes para as funcións que van desempeñar. Terá unha duración máxima de quince minutos. A puntuación máxima pola entrevista será de 10 puntos, e será necesario para poder acceder á bolsa convocada conseguir unha puntuación mínima de 3 puntos nela.

Novena. *Selección e avaliación das solicitudes*

Terminado o prazo de presentación de instancias, o Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións da EGAP revisará as solicitudes recibidas e a documentación achegada. No caso de estar incompleta, conter erros ou non achegar toda a documentación requirida, poderá reclamarlles aos/ás solicitantes que emenden os defectos administrativos apreciados na



documentación exixida, de acordo co artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e outorgará un prazo de 10 días hábiles desde a notificación de requirimento.

Terminado o prazo de corrección, a comisión de avaliación avaliará os méritos de acordo co establecido na base sétima e confeccionará a listaxe provisional de posibles bolseiros/as, ordenada de maior a menor, segundo a súa puntuación. O prazo de exposición, consultas e reclamacións será de tres días hábiles. Esta listaxe farase pública no portal web da EGAP <http://egap.xunta.es> e no seu taboleiro de anuncios, xunto, se é o caso, coa puntuación mínima para acceder á entrevista.

Unha vez resoltas as reclamacións e realizadas as entrevistas, a comisión fará pública nos mesmos lugares a lista definitiva de posibles bolseiros/as, ordenada de maior a menor, segundo a súa puntuación.

A comisión elevará á directora da EGAP unha proposta de concesión para a designación do/da titular da bolsa.

Cos/coas restantes admitidos/as valorados/as cun mínimo de 3 puntos na fase de entrevista elaborárase unha lista de suplentes, por orde decrecente de puntuación. Esta listaxe será operativa no caso de que o/a bolseiro/a seleccionado/a non se incorporase na data establecida, cando manifestase expresamente a súa non aceptación da bolsa ou renunciáse a ela unha vez aceptada, así como cando se procedese á súa revogación.

No caso en que non se presenten solicitudes, ou que non consigan as rexistradas a puntuación mínima exixida na fase de valoración dos méritos ou na fase de entrevista, a convocatoria será declarada deserta mediante resolución da directora da EGAP, que se publicará no *Diario Oficial de Galicia*.

Prescídese do trámite de audiencia, segundo o artigo 84.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, ao non figurar no procedemento nin seren considerados na resolución outros feitos e outras alegacións e probas máis que as aducidas polos interesados.

Décima. *Resolución, notificación e publicidade*

Unha vez elevada pola comisión de avaliación a proposta de concesión, esta convocatoria resolveraa a directora da EGAP. Contra esta resolución poderá interperse, con carácter potestativo, recurso de reposición ante a directora da EGAP no prazo dun mes, contado



desde o día seguinte ao da publicación da resolución nos termos dos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da publicación da resolución, de conformidade co establecido no artigo 46.4º da Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

A notificación da resolución aos titulares da bolsa farase segundo o disposto no artigo 59.1º da Lei 30/1992; así mesmo, darase a oportuna publicidade no DOG.

De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, a EGAP publicará na súa páxina web oficial o nome do/a beneficiario/a da bolsa e o importe da axuda concedida, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos do/a beneficiario/a e da súa publicación nesta páxina web.

Tamén se incluírán nos rexistros de axudas, subvencións, convenios e de sancións, segundo o establecido no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, os datos relevantes referidos á axuda e subvención recibidas, así como as sancións impostas, segundo a autorización dos/as solicitantes que figuren na convocatoria correspondente.

Décimo primeira. *Aceptación da bolsa e incorporación do/a bolseiro/a*

Unha vez recibida a notificación da concesión da bolsa polo/a beneficiario/a, este/a disporá dun prazo de dez días para comunicar á EGAP a súa aceptación ou renuncia á bolsa. Transcorrido este prazo sen que se producise manifestación expresa polo beneficiario/a entenderase tacitamente aceptada, segundo o establecido no artigo 21.5 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

No prazo de cinco días contados desde a aceptación expresa da bolsa ou do transcurso do prazo para entendela tacitamente aceptada, o/a candidato/a seleccionado/a deberá incorporarse ao desempeño da bolsa na EGAP. O/a bolseiro/a que non se incorpore neste prazo, ou que renunciase expresamente, perderá os dereitos inherentes á bolsa. Nestes supostos a directora da EGAP procederá, mediante resolución, á concesión da bolsa ao/a primeiro/a candidato/a que figure na listaxe que para ese efecto elaborará a comisión de avaliación, conforme a base oitava.



Décimo segunda. *Obrigacións do/da bolseiro/a*

O/a bolseiro/a seleccionado/a comprometerase a:

a) Desempeñar as actividades de formación e de colaboración na materia que se describe nos artigos anteriores, de luns a venres, en horario de mañá e/ou tarde, de acordo coa distribución que realice a EGAP.

b) Cumprir co programa de formación establecido pola directora da EGAP, baixo o asesoramento, orientación e dirección dos/as funcionarios/as que se designen para tales efectos, e asistir ás actividades formativas que a Escola considere convenientes. Os gastos ocasionados con motivo destas actividades serán pagos pola Escola con cargo á aplicación orzamentaria 05.80.122B.480.0 na cal se habilitará previamente o crédito para este fin, logo de que o/a xefe/a do Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións certifique os gastos producidos. Os gastos de desprazamento, aloxamento e manutención non poderán superar a contía establecida para o grupo II do Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre as indemnizacións por razón do servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia.

c) Colaborar nas accións formativas da EGAP, de estimarse oportuno.

d) Presentar os informes, formularios e demais documentos que lle exixa a EGAP con motivo da xestión do programa de formación e, ao finalizar a bolsa, informe de todas as actividades desenvolvidas durante o tempo de disfrute da bolsa, así como da formación recibida.

e) Facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control interno.

f) Reintegrar as cantidades percibidas no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a concesión da bolsa.

g) Presentar antes do último pagamento declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das administracións públicas competentes ou outros entes públicos.



Décimo terceira. *Natureza xurídica do vínculo*

A concesión e posterior aceptación da bolsa non supón ningún tipo de vinculación laboral ou funcional entre o/a bolseiro/a e a EGAP, nin supón ningún compromiso de incorporación posterior do/da bolseiro/a no seu cadro de persoal.

Para a utilización do material e a información obtidos como resultado das actividades desenvolvidas durante a bolsa, o/a bolseiro/a deberá contar coa autorización expresa da directora da EGAP, e deberá facer constar neste caso que a información foi obtida durante o desenvolvemento da bolsa concedida pola EGAP.

Décimo cuarta. *Renuncia, revogación e reintegro de cantidades*

A renuncia á bolsa por parte do/da titular, unha vez iniciado o período de aproveitamento, deberá comunicarse cun mínimo de quince días naturais de antelación en escrito dirixido á directora da EGAP, quen poderá, polo período que reste, concedela ao/á candidato/a que corresponda segundo a listaxe que para ese efecto fose elaborado pola comisión de avaliación. A renuncia dará lugar á devolución das cantidades percibidas, se procede, e determinará a perda dos dereitos económicos da parte da bolsa non gozada.

A renuncia inhabilitará o titular para os efectos de presentación en próximas convocatorias da mesma categoría.

A directora da EGAP poderá revogar a bolsa se o/a bolseiro/a non realiza ou incumpre as tarefas ou o programa de formación que lle asignen, ou se estes non reúnen os requisitos de calidade exixibles. Neste suposto, como no caso da renuncia, a directora da EGAP poderá, polo período que reste, concederlle a bolsa ao/á candidato/a que corresponda segundo a listaxe que para ese efecto fose elaborado pola comisión de avaliación.

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a exixencia dos xuros de mora nos casos establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Décimo quinta. *Réxime xurídico e impugnación*

Para o non regulado expresamente nestas bases observarase o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e demais normativa aplicable.



Esta convocatoria, as súas bases e cantos actos administrativos deriven dela, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Décimo sexta. *Duración de procedemento*

Segundo o establecido no artigo 23.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder os nove meses, contados a partir da publicación desta convocatoria. Este prazo queda fixado en cinco meses por aplicación do Plan de acción de redución de cargas administrativas aprobado polo Consello de Ministros en xuño de 2008, para o que a Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa fixou a redución no 20 %.

As solicitudes entenderanse desestimadas de non ditarse resolución expresa no prazo sinalado no parágrafo anterior.

Décimo sétima. *Notificacións e requirimentos*

De conformidade co disposto no artigo 59.6º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, calquera notificación ou requirimento aos/ás interesados/as farase a través do taboleiro de anuncios e da páxina web da EGAP (<http://egap.xunta.es>). Esta forma de notificación exceptúase cando se proceda á notificación da resolución de concesión ao/á beneficiario/a, que se practicará segundo o disposto no artigo 59.1º da Lei 30/1992.

Décimo oitava. *Incompatibilidades*

A bolsa regulada nesta convocatoria será incompatible co desfrute doutra bolsa de similares características financiada con fondos públicos e coa percepción de calquera retribución de carácter laboral e da prestación por desemprego. Permitiranse, con todo, as percepcións esporádicas por tarefas docentes (cursos, conferencias ou relatorios) ou investigadoras (libros, artigos, premios).

Décimo novena. *Cláusula xeral*

A participación nesta convocatoria implica o coñecemento e aceptación destas bases.



Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da bolsa e, en todo caso, o incumprimento do réxime de incompatibilidades pola obtención concorrente doutras bolsas, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Vixésima. *Datos de carácter persoal*

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación desta disposición, cuxo tratamento e publicación autoricen as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado Bolsas e premios, cuxo obxecto é xestionar o presente procedemento, así como para informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento. O órgano responsable deste ficheiro é a Escola Galega de Administración Pública. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Escola Galega de Administración Pública, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: rúa Madrid 2-4, 15707, Santiago de Compostela, ou a través dun correo electrónico a secretaria.egap@xunta.es.

Disposición derradeira primeira

A directora da EGAP poderá ditar as disposicións necesarias para a aclaración ou interpretación destas bases.

Disposición derradeira segunda

Esta resolución entrará vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 9 de febreiro de 2016

Sonia Rodríguez-Campos González
Directora da Escola Galega de Administración Pública





XUNTA DE GALICIA

 VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

ANEXO I

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
BOLSAS DE FORMACIÓN EN ESTUDOS RELACIONADOS CO DEREITO ADMINISTRATIVO	PR770F	SOLICITUDE

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

TIPO DE VÍA NOME DA VÍA NÚMERO BLOQUE ANDAR PORTA

PARROQUIA LUGAR

CP PROVINCIA CONCELLO LOCALIDADE

TELÉFONO TELÉFONO MÓBIL CORREO ELECTRÓNICO

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN (non é necesario se coincide co anterior)

TIPO DE VÍA NOME DA VÍA NÚMERO BLOQUE ANDAR PORTA

PARROQUIA LUGAR

CP PROVINCIA CONCELLO LOCALIDADE

TELÉFONO TELÉFONO MÓBIL|FAX CORREO ELECTRÓNICO

DATOS BANCARIOS

Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)

IBAN

A PERSONA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención.

Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMOS	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA


2. Que en relación coas axudas *de minimis*:

Non solicitou nin se lle concedeu ningunha axuda *de minimis*.

Si solicitou e/ou se lle concederon axudas *de minimis*, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMOS	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña en réxime *de minimis* doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

 SEDE ELECTRÓNICA Este formulario tamén pode presentarse electronicamente na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.es>

CVE-DOG: 1pkv6hc9-0vp1-t6h1-cnp5-zupg1o0wiwz2



XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>


XUNTA DE GALICIA

 VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA
 ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA

ANEXO I
 (continuación)

A PERSONA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA (continuación)

3. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
4. Non estar incursa en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
5. Non estar incursa en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas prevista nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
6. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
7. Que:
- Non ten emprego remunerado nin disfruta doutra bolsa ou axuda
- Ten emprego, pero comprométese expresamente a renunciar a el con anterioridade ao momento da incorporación á Escola Galega de Administración Pública
- Actualmente disfruta dunha bolsa pero comprométese a renunciar a ela con anterioridade ao momento da incorporación á Escola Galega de Administración Pública

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU SE DECLARA ESTAR EN PODER DA ADMINISTRACIÓN ACTUANTE

<input type="checkbox"/> Copia do DNI ou NIE da persoa solicitante, só no caso de non autorizar a súa consulta.				
<input type="checkbox"/> Anexo II.				
	PRESENTADO	CÓD. PROC.	EXpte.	ANO
<input type="checkbox"/> Título correspondente ou, en defecto deste último, xustificación do pagamento dos dereitos de expedición. Só no caso de non autorizar a súa consulta.	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Certificación académica en que se detallen as cualificacións obtidas nas distintas disciplinas. Para facilitar a valoración do expediente académico, debe incluírse na certificación a nota media obtida.	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Documentos que acrediten a formación en materias relacionadas coa bolsa, alegados pola persoa interesada no seu currículo.	<input type="checkbox"/>			

Autorizo a Escola Galega de Administración Pública, de conformidade co artigo 35.f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e o artigo 4 da Orde do 12 de xaneiro de 2012 pola que se regula a habilitación de procedementos administrativos e servizos na Administración xeral e no sector público autonómico de Galicia, para consultar a documentación indicada anteriormente.

Así mesmo, declaro que a dita documentación está vixente e que non transcorrerón máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que corresponde.

Autorizo a Escola Galega de Administración Pública para consultar os datos de identidade da persoa solicitante no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009.

SI NON (neste caso achegarse a documentación correspondente)

Autorizo a Escola Galega de Administración Pública para consultar os datos dos títulos universitarios que constan en poder da Xunta de Galicia, de conformidade co artigo 6.2.b) da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

SI NON (neste caso achegarse a documentación correspondente)

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Xunta de Galicia co obxecto de xestionar o presente procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Escola Galega de Administración Pública, como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico a egap@xunta.es.

LEXISLACIÓN APLICABLE


Resolucíndo do 9 de febreiro de 2016 pola que se convoca unha bolsa de formación en estudos relacionados co dereito administrativo.

SINATURA DA PERSONA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de


Escola Galega de Administración Pública - EGAP

 SEDE ELECTRÓNICA Este formulario tamén pode presentarse electronicamente na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.es>

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>




CURRÍCULO DA PERSOA SOLICITANTE

1. DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME PRIMEIR APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

TIPO DE VÍA NOMBRE DA VÍA NÚMERO BLOQUE ANDAR PORTA

PARROQUIA LUGAR

CP PROVINCIA CONCELLO LOCALIDADE

TELÉFONO TELÉFONO MÓBIL CORREO ELECTRÓNICO

2. DATOS ACADÉMICOS (base 8.1 e 8.2)

TITULACIÓN E ESPECIALIDADE	CENTRO DE EXPEDICIÓN	DATA DE INICIO	DATA DE FIN	NOTA MEDIA

3. COMUNICACIÓNS EN CONGRESOS RELACIONADOS CO OBXECTO DA BOLSA (base 8.3)

DENOMINACIÓN DO CURSO	CENTRO DE EXPEDICIÓN	HORAS LECTIVAS

4. TRABALLOS PUBLICADOS (individuais ou colectivos) RELACIONADOS COA CONVOCATORIA (base 8.4)

AUTOR	TÍTULO	REVISTA	ANO	VOLUME	PÁXINAS

5. COÑECEMENTOS DA LINGUA GALEGA, INGLESA OU FRANCESA (base 8.5 e 8.6)

DENOMINACIÓN DA ACREDITACIÓN	CENTRO DE EXPEDICIÓN	HORAS LECTIVAS	LEE	FALA	ESCRIBE



CVE-DOG: 1pkv6hc9-0vp1-t6h1-cnp5-zupg1o0wivwz2

